

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA SAUDABLE

No Pazo Provincial, sendo as 10:30 horas do día 16/02/2024, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de D^a. **MARTA FERNANDEZ-TAPIAS NUÑEZ**, sendo a súa suplente D^a. M^a **SANDRA BASTOS RODRIGUEZ**, e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LOPEZ, D. JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS, D^a M^a PILAR RAMALLO VAZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA, D^a M^a NAVA CASTRO DOMINGUEZ, D. CARLOS GOMEZ PRADO D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ, D^a NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ, D. GORKA GOMEZ DIAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN, D^a BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ E D^a. MARIA ORTEGA IÑARREA.**

Incorpórase á vacante do grupo PSOE, D. GREGORIO LUIS AGIS GÓMEZ.

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA,**

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbbase por unanimidade, a acta de 19 de xaneiro de 2024.

2.- DAR CONTA DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE PATROCINIO DEPORTIVO “O GRAN CAMIÑO 2024”

Os vindeiros 22,23,24 e 25 de febreiro desenvolverase a proba ciclista de carácter profesional “O Gran Camiño” que constará de 4 etapas ao longo da nosa comunidade autónoma, e tendo como última etapa percorrido pola provincia de Pontevedra o vindeiro 25 de febreiro tendo a saída en Pontearreas e a chegada ao Monte Aloia (Tui).

O Gran Camiño recupera a esencia da antiga volta Ciclista a Galicia pero con novos obxectivos adaptados ás novas posibilidades que nos ofrece este deporte no eido da difusión global, e sobre todo, a promoción turística do territorio.

3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO PLAN + XUVENTUDE PARA A CONCESIÓN DE “AXUDAS DESTINADAS Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL, PROMOVIDAS POLA XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2024”.

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva coa finalidade de que se poñan en marcha iniciativas colectivas xuvenís e proxectos realizados e ideados en grupo durante o ano 2024.

A convocatoria está dirixida a apoiar estas iniciativas, promovidas por persoas de entre os 18 e 35 anos de idade e asociacións xuvenís que desenvolvan proxectos que favorezan e promovan o desenvolvemento persoal e comunitario, contribúan ao empoderamento xuvenil, a formación en valores, a consecución de hábitos saudables, e enriquezan a vida social, económica, científica e cultural da provincia.

Estas axudas están dirixidas a asociacións xuvenís prestadoras de servizos dirixidos á xuventude e grupos formados por un mínimo de 3 e un máximo de 8 persoas, que teñan cumpridos os 18 anos.

A dotación destinada a esta convocatoria é de 100.000,00 €.

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 10:35 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

